

Premios

-Os traballos presentados á modalidade de "proxectos empresariais cooperativos", dirixido aos centros de formación profesional, poderán optar aos seguintes premios:

-Premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo, coa seguinte dotación:

-O/s autor/es a/s autora/s do mellor proxecto recibirá/n un único premio de 6.000 euros, dos cales 3.000 euros entregaranse tras a resolución do tribunal, e 3.000 euros entregaranse tras a presentación dunha memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto; será preciso xuntar a documentación acreditativa que xustifique, como mínimo, a conformación do grupo promotor do proxecto, coa relación de nomes e apelidos e a acta da súa primeira reunión.

-Unha viaxe para visitar experiencias cooperativas, por valor máximo de 1.500 euros, para o profesor/a-director/a do proxecto.

-Dous accésit aos proxectos finalistas, coa seguinte dotación:

-2.000 euros para cada proxecto finalista, que se repartirán entre os/as alumnos/as que elaboraron cada un dos proxectos finalistas.

-500 euros en cheques para libros para cada un/unha dos/as profesores/as-directores/as dos proxectos finalistas.



XUNTA
DE GALICIA



CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS



eusumo

www.cooperativasdegalicia.com



Convocatoria
do Certame
"Cooperativismo
no Ensino"
Formación
Profesional
2011

A Consellería de Traballo e Benestar convoca o certame "Cooperativismo no ensino" co fin de difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de formación profesional de Galicia, impulsando a realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros educativos.

No desenvolvemento destas actividades os centros deberán ter en conta os valores e principios que inspiran o cooperativismo, tales como: a solidariedade, o espírito democrático, a participación, a actuación colectiva ou a solución de conflitos de forma pactada. As actividades que se realicen deberán potenciar e propiciar estes valores. Como soporte de apoio ás actividades propostas contarase con material divulgativo en formato electrónico na páxina web www.cooperativasdegalicia.com.

Coa finalidade de impulsar a formación nestes valores e a súa aplicación práctica, incentívase a realización de actividades específicas mediante distintos premios aos que poden optar os traballos realizados polos alumnos.

Participantes

Poden participar no certame todos os centros educativos de formación profesional, así como o seu alumnado e profesorado, segundo as modalidades e nos termos previstos nas presentes bases.

- Modalidade de "proxectos empresariais cooperativos", dirixido aos centros de formación profesional.

Os centros educativos que impartan formación profesional específica e realizen actividades de fomento e divulgación do cooperativismo poderán presentar a este concurso os proxectos empresariais elaborados polo seu alumnado, baixo a única modalidade de "proxectos empresariais cooperativos".

Os traballos presentados á modalidade de "proxectos empresariais cooperativos", dirixido aos centros de formación profesional, poderán optar aos seguintes premios:

- Premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo.
- Dous accésit aos proxectos finalistas.

Os proxectos deberán desenvolver o proceso completo de posta en marcha dun proxecto empresarial, baixo a fórmula cooperativa, orixinal, coherente e viable economicamente.

Os proxectos deberán estar redactados en galego e presentaranse en formato papel e formato electrónico que permita a súa posterior publicación, acompañados dunha ficha resumo segundo o modelo que pode obterse na web www.cooperativasdegalicia.com

Os centros educativos de Galicia que impartan formación profesional específica poderán presentar un ou varios proxectos empresariais cooperativos a este concurso.

En cada proxecto deberán participar como mínimo tres alumnos/as, que deberán estar dirixidos na súa elaboración por un/unha profesor/a-director/a.

Compensación económica para os centros educativos pola realización de actividades de promoción do cooperativismo.

Co obxecto de facilitar a realización das actividades de promoción do cooperativismo, os centros educativos que o soliciten poderán contar cunha compensación económica para financiar os gastos nos que incorran no desenvolvemento das actividades. Unicamente serán obxecto de compensación os gastos que resulten precisos para a realización das actividades.

Os centros poderán presentar a súa solicitude, xunto co programa das actividades que van a desenvolver e o orzamento previsto debidamente desglosado, no prazo indicado na convocatoria.

Presentación e prazo

1. O prazo de presentación dos traballos remata o día 25 de Abril de 2011.

2. O prazo de presentación das solicitudes da compensación económica pola realización de actividades de promoción do cooperativismo é dun mes a contar dende a publicación da presente convocatoria no DIARIO OFICIAL DE GALICIA número 59, publicado o día 24 de Marzo de 2011.

**Máis información no
Consello Galego de Cooperativas
881 999 268**